



Normativa reguladora dos consellos escolares e circulares aclaratorias

DECRETOS
Decreto 92/1988 , do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG, 29/04/88). Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88. Modificado polo Decreto 279/1990 e polo Decreto 324/1996 .
Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (Derrogados os artigos 8 a 17, só afectan á selección das direccións, ambos os dous incluídos polo Decreto 29/2007).
Decreto 374/1996 , do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (Derrogados os artigos 15 a 24, só afectan á selección das direccións, ambos os dous incluídos polo Decreto 29/2007).
Decreto 7/1999 , do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (Derrogado o artigo 6, letras a) ata o i), só afecta á selección das direccións, ambas as dúas incluídas polo Decreto 29/2007).
ORDES
Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do Consello Escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, e se fixan as súas datas de celebración.
Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de persoas adultas. (Corrección de erros DOG do 15/11/96)
Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados.
Orde do 25 de abril de 2014 pola que se regula o procedemento para a designación das persoas representantes de organizacións sindicais nos consellos sociais dos centros integrados de formación profesional de Galicia, que modifica a Orde do 22 de xaneiro de 2009 , pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia.
CIRCULARES
Circular nº 1/98, do 2 de setembro , da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co proceso de elección, composición e constitución dos órganos de goberno dos centros públicos.
Circular nº 18/00 da Dirección Xeral de Centros e Inspección educativa pola que se completa a circular nº 1/98 pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co proceso de elección, composición e constitución dos órganos de goberno dos centros públicos.
RESOLUCIÓN
Resolución do 20 de setembro de 2021 , da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG 29/09/2021)



Calendario de celebración de eleccións dos consellos escolares 2021

DATAS	ACTUACIÓN RENOVAÇÃO CONSELLOS ESCOLARES	NORMATIVA DE REFERENCIA
26-27 de outubro	- Publicación data e hora do sorteo público para a designación dos membros de Xunta Electoral . - Circular ás familias informando sobre o sorteo (data e hora)	Art. 30 do Decreto 92/1988 (conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos) (DOG 9 de agosto)
29 de outubro	- Sorteo público para designar os membros (titulares e suplentes) da Xunta Electoral: <ul style="list-style-type: none"> Estará integrada pola dirección do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do PAS, e de un alumno/a ou alumna centros de secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes. - Envío citacións para a constitución da Xunta Electoral con data e hora.	Art. 30 do Decreto 92/1988 (conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos)
2 – 5 de novembro (ambos os dous incluídos)	- Constitución da Xunta Electoral: <ul style="list-style-type: none"> 1ª reunión. Levantar acta. Calendario de actuacións. Solicitude, mediante escrito, ao Concello e ANPA para que designen aos seus representantes no CE, dándolles un prazo de 10 días para tal efecto. 	Artigos 9º.3 e 11º.15 Decreto 7/1999 , do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26 de xaneiro)
8 de novembro	- Publicación: <ul style="list-style-type: none"> Convocatoria de eleccións nos diversos sectores educativos (Profesorado, familias, PAS): Censos electorais. - Comunicación aos diversos sectores.	
Ata o 15 de novembro	- Período de reclamacións ao censo.	
Do 9 ao 16 de novembro	- Prazo de presentación de candidaturas dos sectores (profesorado, familias, PAS): <ul style="list-style-type: none"> O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días. 	Art. 32.2 do Decreto 92/1988
9 de novembro	- Remisión convocatoria Xunta Electoral. 2ª reunión. Data 17 de novembro. - Remisión convocatoria claustro informativo. Data 11/12 de novembro.	Art. 35 do Decreto 92/1988
11/12 de novembro	- Reunión claustro informativo: <ul style="list-style-type: none"> Normas de elección. Fixar data claustro extraordinario eleccións sector profesorado. Data do 22 ao 26 de novembro. 	
17 de novembro	- 2ª Reunión Xunta Electoral: <ul style="list-style-type: none"> Análise e resolución das posibles reclamacións ao censo electoral. Proclamación das candidaturas presentadas. Sorteo das mesas electorais pais/nais e PAS. Apertura prazo de reclamacións á proclamación das candidaturas: días 18 e 19 novembro. - Comunicación familias e PAS das candidaturas do seu sector. - Citacións para a constitución mesas electorais. - Convocatoria claustro extraordinario: do 22 ao 26 de novembro. - Convocatoria para 3ª reunión da Xunta Electoral.	Art. 32.4 do Decreto 92/1988



19 de novembro	- 3ª Reunión da Xunta Electoral se hai reclamacións á proclamación de candidaturas.	
22 ao 26 de novembro (ambos os dous incluídos)	- Votacións para todos os sectores , eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar. - Claustro extraordinario. - A acta do escrutinio da votación de cada mesa electoral, á cal se refire o artigo 50 do Decreto 92/1988 , do 28 de abril, na súa redacción dada polo Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, despois das votacións correspondentes e unha vez proclamados os candidatos elixidos, remitiranse as copias das actas de cada mesa electoral á Xefatura Territorial. Farase segundo o modelo que se publica como anexo I na <i>Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 29 de setembro)</i> .	Art. 50 do Decreto 92/1988 Artigo sétimo, puntos 1 e 2 da Resolución do 20 de setembro de 2021 , da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 29 de setembro).
30 de novembro	- 4ª e última Reunión da Xunta Electoral para proclamar e publicar a listaxe de candidatos electos dos diversos sectores. - Unha vez proclamados os candidatos e candidatas elixidos, a dirección do centro, como presidencia da xunta electoral, dará traslado das copias das actas de cada mesa electoral ao Xefe ou Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. - Convocatoria de reunión, por parte da Dirección do centro, para a constitución do novo CE. Data 10 de decembro (dentro dos 10 días seguintes á proclamación dos candidatos electos).	Art. 52 do Decreto 92/1988
10 de decembro	- Reunión de constitución do novo CE. Determinación de comisións.	
Antes do 17 de decembro	- Remisión do informe do proceso de constitución do consello escolar á Xefatura Territorial. ANEXO II da <i>Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos</i> .	Resolución do 20 de setembro de 2021 (artigo sétimo, punto) da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 29 de setembro).



Actuacións primeira constitución do consello escolar en centros escolares de nova creación

DATAS	ACTUACIÓNS PRIMEIRA CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR EN CENTROS DE NOVA CREACIÓN CURSO 21/22	NORMATIVA DE REFERENCIA
4-8 outubro (ambos os dous incluídos)	Constitución da Xunta Electoral.	Art. 30 do Decreto 92/1988 (conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos)
25-29 outubro (ambos os dous incluídos)	Votacións para a primeira constitución do consello escolar , para as eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa. Despois das votacións correspondentes, e unha vez proclamados os candidatos/as elixidos, remítanse as copias das actas de cada mesa electoral á Xefatura Territorial. Modelo ANEXO I.	
Dentro dos 10 días seguintes á proclamación dos candidatos electos	Constitución CE	
Antes do 17 de decembro	Remisión do informe do proceso de constitución do consello escolar á Xefatura Territorial. ANEXO II.	





Instrucións para as eleccións a consello escolar – novembro 2021

No DOG do mércores, 29 de setembro de 2021, publicouse a *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.*

Esta resolución é de aplicación nos centros educativos sustentados con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, agás os que comezaron o seu funcionamento no curso 2020/2021.

Ten como obxecto establecer as datas para as eleccións para a **primeira constitución do consello escolar** dos centros educativos que comezaron o seu **funcionamento no curso 2021/22** e para a **renovación** do consello escolar **dos restantes**.

Centros de nova creación:

A primeira renovación do consello escolar dos centros que iniciaron o seu funcionamento no curso 2021/22 producirase no ano 2022, coincidindo coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

Renovación parcial:

Co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020/21 **serán nomeados por un período de tres cursos escolares.**

Os centros modificarán en cada renovación parcial o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento.

Funcións da Xunta Electoral:

A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, e, de ser o caso, un alumno ou alumna de educación secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes.

Serán competencias da citada xunta:

- a) Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir, en todo caso, nome apelidos dos electores.
- b) Concretar o calendario electoral.
- c) Ordenar o proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidaturas.
- e) Promover a constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- g) Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Xefatura Territorial.

Candidaturas:

1. Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, pero cada membro soamente poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.
2. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días.
3. Pechado o prazo de admisión de candidatos, a xunta electoral fará pública a proclamación de candidatos.
4. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes. A Xunta Electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o delegado provincial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Xunta Electoral, co fin de que todos os sectores implicados poidan participar, cumprindo sempre con todas as medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade marcadas pola crise sanitaria da COVID-19 e dentro das posibilidades de cada centro, establecerá un calendario para as votacións correspondentes.





Na primeira constitución, e sempre que se produza unha renovación parcial, a xunta electoral solicitará do concello no que estea situado o centro, a designación dun representante para formar parte do Consello Escolar.

Aos membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e aos electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 117 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*. Non obstante, o día ou os días en que teñan lugar as eleccións de representantes dos distintos sectores da comunidade educativa non poderán ser declarados non lectivos.

Renovación parcial:

DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro

Dous anos despois de que se constituía o Consello Escolar con todos os membros, levarase a cabo a súa primeira renovación parcial e serán substituídos os seguintes membros:

- a) Se o número total de membros electos do respectivo sector é par, renovarase a metade dos membros.
- b) Se o número total de membros electos do respectivo sector é impar, procederase do seguinte xeito:
 - Se o número total é de 1 membro: renóvase este membro.
 - Se o número total é de 3 membros: renóvase 1 membro.
 - Se o número total é de 5 membros: renóvanse 2 membros.
 - Se o número total é de 7 membros: renóvanse 3 membros.

Para determinar as persoas concretas substituídas haberá que aterse inicialmente á voluntariedade. Se esta non se producise, os afectados serían os seguintes:

- Profesorado: menor antigüidade no centro, no corpo e menor idade, por esta orde.
- Familias de alumnos ou alumnas: os que antes vaian deixar de formar parte da comunidade educativa, tendo en conta o curso escolar dos seus fillos. En caso de igualdade, determinarase por orde alfabética, sendo o afectado o que primeiro apareza nesa orde.
- Alumnado: o que antes deixe de ser alumno do centro. En caso de igualdade, aplicarase o criterio sinalado no parágrafo anterior.

Dous anos despois, substituiranse os membros non afectados na renovación parcial citada.





Composicións dos consellos escolares dos centros escolares

Centros de Educación Infantil e Primaria ([Decreto 374/1996](#))

1. Centros de oito, ou máis, unidades.

- a) O director, que será o seu presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos
- e) Cinco mestres elixidos polo claustro.
- f) Cinco representantes dos pais de alumnos.
- g) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

2. Centros de seis ou sete unidades.

- a) O director, que será o seu presidente.
- b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- c) Tres mestres elixidos polo claustro.
- d) Tres representantes dos pais de alumnos.
- e) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

3. Centros de tres, catro ou cinco unidades.

- a) O director, que será o seu presidente.
- b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- c) Dous mestres elixidos polo claustro. Un deles, designado polo director, actuará como secretario, con voz e voto no consello.
- d) Dous representantes dos pais de alumnos.

4. Centros dunha ou dúas unidades.

O consello escolar estará integrado polos profesores, un pai e un representante do concello.

Será presidido polo profesor que ten encomendadas as funcións correspondentes ós órganos de goberno unipersoais.

IES ([Decreto 324/1996](#))

O Consello Escolar dos institutos de educación secundaria que teñan oito, ou máis, unidades estará composto polos seguintes membros:

- a) O director ou directora, que será o seu presidente.
- b) O xefe ou xefa de estudos, e, de se-lo caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno.
- c) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o instituto.
- d) Sete profesores elixidos polo claustro.
- e) Tres representantes dos pais ou nais de alumnos.
- f) Catro representantes do alumnado.
- g) Un representante do persoal de administración e servizos.
- h) O secretario ou secretaria ou, se é o caso, o administrador ou administradora do instituto, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.





CPI (Decreto 7/1999)

Centros públicos integrados, de oito ou máis unidades, computándose para estes efectos as posibles unidades de educación infantil:

- O director, que será o seu presidente.
- O xefe de estudos de educación primaria.
- O xefe de estudos de educación secundaria.
- O xefe de estudos de educación de adultos, se é o caso.
- Un concelleiro ou representante do concello do termo municipal no que estea situado o centro.
- 6 profesores elixidos polo claustro.
- 3 representantes dos pais, nais ou titores dos alumnos.
- 3 representantes dos alumnos.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.
- O secretario ou, se é o caso, o administrador do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto.

TIPO CENTRO	UDS	PROFESORADO	PAIS	ALUMNADO	PAS	NORMATIVA
CEIP ⁽¹⁾ , CEP, CRA, EEI (¹)	≥ 8	5	5		1	D.374/1996
	6-7	3	3			
	3-5	2	2			
	1-2	1	1			
IES	≥ 8	7	3	4	1	D.324/1996
	< 8	2	1	1		O.21.10.96
CIFP	Normativa propia (Consello Social)					O.22.1.2009
CPI	≥ 8	6	3	3	1	D.7/1999
	< 8	2	1	1		C.18/2000
CPCconcertados ⁽²⁾		4	4	2 ⁽³⁾	1	O.28.08.96
CPR	Exentos					L.8/1985.Art.26.1
CEE	≥ 8	5	5	1 ⁽³⁾	4	O.29.10.96
	< 8	2	2	1 ⁽³⁾	2	
Adultos	Similar aos CEIP ("alumnos" en lugar de "pais")					
TIPO CENTRO	CLAUSTRO	PROFESORADO	PAIS	ALUMNADO	PAS	NORMATIVA
EOI	>60 pr.	9	2	7	1	D.189/2010
	≤60 pr.	7	2	5	1	
	≤20 pr.	3	2	2	1	
CMUS, CEMU, CDAN, CEDA	≥60 pr.	9	2	7	1	D.223/2010
	<60 pr.	7	2	5	1	
	<20 pr.	3	2	2	1	
E.ART, CE.ART		7	1	7	1	D.61/2011
Singulares ⁽⁴⁾	≥ 16 pr.	7	3	4	1	O.29.10.96
	< 16 pr.	2	1	1		
ESMU, EMUSPR, ESDA, EDANPR	Exentos					O.29.10.96

⁽¹⁾ Os centros de infantil e/ou primaria de menos de tres unidades non teñen necesariamente que facer a renovación parcial cada dous anos por ter só membro por sector e, polo tanto, o seu mandato dura catro anos.

⁽²⁾ No caso dos centros que imparten só FP constituirase necesariamente o consello escolar se teñen, cando menos, cinco unidades concertadas* (Artigo 2).

⁽³⁾ Se hai alumnado de educación secundaria.

⁽⁴⁾ Escola de conservación e restauración de bens culturais, e calquera outro centro de características singulares.





Preguntas frecuentes. Resolución de dúbidas

Determinación do numero de unidades do centro

Ós efectos da elección do Consello Escolar, nos Institutos de Educación Secundaria, cando o Decreto 324/1996 fai referencia ó número de unidades entenderase que se refire ó número de grupos de alumnos, incluíndo, no seu caso, como grupos os existentes nas extensións dependentes dos mesmos. Por "grupo" debe entenderse o conxunto de alumnos que recibe simultaneamente ensinanza nas disciplinas comúns ou clases teóricas, segundo se trate de Bacharelato ou Formación Profesional.

Cando o Decreto 374/1996 fai referencia ó número de unidades, deben contabilizarse todas as que estean xuridicamente creadas de Educación Infantil e Educación Primaria. Ós efectos de elección do Consello Escolar, nos centros públicos integrados, cando o Decreto 7/1999 fai referencia ó número de unidades, deberán contabilizarse tódalas que estean xuridicamente creadas no momento da elección, tanto de educación infantil e educación primaria como de educación secundaria.

Os centros modificarán en cada renovación parcial o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento.

Papeletas de votación

Pola Xunta Electoral confeccionaranse papeletas nas que figuren relacionados por orde alfabética, todos os candidatos. Cada votante sinalará cunha cruz os candidatos que elixe, sen que en ningún caso poida superar o número legalmente establecido.

Serán nulas as papeletas nas que se sinala como elixidos un número de candidatos maior que o establecido.

As asociacións, institucións de carácter representativo ou grupos de candidatos, que o desexen, previa solicitude formulada perante a Xunta Electoral, poderán confeccionar papeletas nas que figurando todas as persoas candidatas admitidas e proclamadas pola Xunta Electoral, antes citada, estean sinaladas cunha cruz os candidatos que se propoñan para elixir. Nestas papeletas figurará de xeito claro e destacado a identificación ou siglas da asociación, institución ou grupo propoñente, sendo preciso a súa aprobación previa por parte da Xunta Electoral. No momento da votación, as papeletas ás que antes nos referimos e as confeccionadas pola Xunta Electoral figurarán expostas de xeito que quede garantido o requisito de voto secreto.

Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes da lista de candidatos segundo corresponda a renovación de menos de tres, tres, catro, cinco ou mais de cinco profesores respectivamente. Serán elixidos os profesores e profesoras con maior número de votos. Se na primeira votación non resultase elixido o número de profesores e profesoras que corresponda, procederase a realizar no mesmo acto sucesivas votacións ata alcanzar o devandito número, sen prexuízo do disposto no artigo 53.

A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou aos representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou, se é o caso, aos títos legais.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente.

Tódolos alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, coas atribucións que lles corresponden aos seus membros; non obstante, os alumnos e alumnas do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na elección nin no cesamento do director ou directora.

Os alumnos e alumnas de educación primaria poderán participar no Consello Escolar nos termos que se estableza no correspondente Regulamento orgánico de escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.





Variación posterior do número de unidades

Naqueles centros que con posterioridade ás eleccións dos membros do Consello Escolar, tivesen variación do número de unidades, ou calquera outra circunstancia que supoña cambio na composición do mesmo, o Consello Escolar, ata a data en que se renoven con carácter xeral os Consellos Escolares, continuará funcionando co mesmo número de membros. Coincidindo coa renovación dos Consellos escolares procederase do seguinte xeito:

Primeiro: Axustarase a composición do Consello Escolar á nova situación.

Segundo: Realizado o axuste, seguirase o proceso ordinario dun centro destas características para a primeira renovación.

Cando teñan que cesar persoas electas no último proceso aplicarase o establecido na disposición transitoria terceira e cuarta dos Decretos 374/1996, do 17 de outubro e Decreto 324/1996, do 26 de xullo respectivamente.

No suposto de supresión dun Centro por transformación noutros dous, o Consello Escolar do Centro suprimido quedará disolvido e os dous Centros terán o tratamento de Centros de nova creación. O mesmo sucederá cando se supriman dous ou máis centros e se cre un novo por fusión dos anteriores.

Da composición do consello escolar

Os profesores que son membros do Consello Escolar en virtude de ocupar cargo directivo (Director, Xefe de Estudos, Secretario) non poderán ser candidatos ó Consello Escolar.

No suposto de que sexa nomeado Director, Xefe de Estudos, Secretario, un ou varios representantes do profesorado no Consello Escolar, cesará nesta representación e producirá unha vacante que será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988. O cese no cargo con anterioridade ó remate do mandato no Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro do Consello Escolar como representante do profesorado.

A composición do Consello Escolar dos centros públicos integrados de menos de oito unidades será a mesma que a establecida para os institutos de educación secundaria no punto oitavo a Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do Consello Escolar dos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, e se fixan as súas datas de celebración (DOG do 22).

Das maiorías no consello escolar

Para a toma de decisións, cando o Consello Escolar estea constituído cun número menor de membros dos que lle corresponde, conformarán a maioría absoluta a metade máis un dos membros que de feito constitúen dito órgano colegiado, tendo en conta que soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto. A estes efectos, considerarase que tamén hai constitución do Consello Escolar cando se proceda a súa renovación.

Das eleccións

1.- Aqueles profesores que estean en Comisión de Servizos serán electores e elixibles no Centro en que exerzan a súa función docente. No suposto de que exerzan a súa actividade en dous ou máis centros, deberán optar por un deles, ó efecto.

2.- Non formarán parte do Claustro de Profesores, a efectos de elección dos representantes do profesorado, os profesores substitutos, estando integrados no Claustro ó efecto, os profesores substituídos. Enténdese que son profesores substituídos os que están con licenza de enfermidade, maternidade/paternidade, nupcialidade, asuntos propios, ou calquera outra ausencia previsiblemente inferior a seis meses.

3.- En canto ós profesores de Relixión, entenderase que forman parte do Claustro a efectos de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar unicamente os que teñan nomeamento outorgado pola Consellería de Educación, sendo polo tanto electores e elixibles, con independencia do número de horas que imparten.

4.- Consideraranse incluídos entre o persoal da Administración e Servizos os que presten servizos no centro e estean vinculados cunha relación xurídica, administrativa ou laboral, coa Consellería ou co Concello.

5.- Deberán arbitrarse as medidas oportunas, por parte da Xefatura Territorial, para que os membros das mesas electorais dos Institutos de Educación Secundaria ou das Escolas Oficiais de Idiomas dos que dependen Extensión ou Seccións, se despracen a estas a efectos de proceder á votación dos representantes dos diferentes sectores.

6.- As eleccións dos representantes dos distintos sectores que formen o Consello Escolar non deberá afecta-lo desenvolvemento normal das actividades docentes.





Do representante do concello do termino municipal onde estea situado o centro, do representante da ANPA e do representante das organizacións empresariais ou institucións laborais

1.- O sistema de designación destes representantes corresponde ó Concello, a ANPA máis representativa e as Organizacións Empresariais ou Institución Laborais respectivamente, polo que o Presidente do Consello Escolar unicamente debera solicita-la acreditación correspondente.

2.- O Concello, as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais e a ANPA poderán designar, se así o estiman, un profesor do centro como representante no Consello Escolar.

Se este profesor fose ó mesmo tempo representante do profesorado no Consello Escolar, cesará nesta representación e producirá unha vacante que será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988.

O cese no cargo con anterioridade ó remate do mandato no Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro do Consello Escolar como representante do profesorado.

3.- O Concello, as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais e a ANPA poderán substituír ou retirarlle a representación a persoa designada, sempre que existan razóns motivadas e o notifiquen ó Presidente do Consello Escolar. En ningún caso poderán designar representante titular e suplente que acudan ás sesións indistintamente.

4.- O Concello poderá designar a unha mesma persoa como o seu representante en máis dun Consello Escolar de Centros do municipio.

5.- En caso de disolución ou cese de actividade da ANPA, Organización Empresarial ou Institucional Laboral representada no Consello Escolar, a persoa designada perderá a condición de membro do Consello Escolar.

A vacante producida no Consello Escolar do representante da ANPA, cubrirase polo representante proposto da ANPA que de ser o caso, pase a ser máis representativa; de non existir ANPA, a vacante producida será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988 polo tempo que lle quedaba de representación.

A vacante producida no Consello Escolar do representante das Organizacións Empresarias ou Institucións Laborais, cubrirase na próxima renovación do Consello Escolar de acordo co procedemento establecido no artigo 42º do Decreto 324/1996

6.- Cando corresponda un único representante das familias no Consello Escolar, este será designado por elección e non por proposta da ANPA.

Dimisión dos membros do consello escolar

Os representantes do profesorado, das familias, do alumnado e do persoal da Administración e Servizos que desexen renunciar, deberán formular a renuncia, de forma expresa, perante o Presidente do Consello Escolar. Este limitarase a aceptar por escrito a renuncia e a informar ós restantes membros do Consello Escolar.

Do nomeamento do profesor delegado das extensións

Nas Extensións de Institutos de Educación Secundaria e Extensións de Escolas Oficiais de Idiomas, por delegación do director, asumirá as funcións encomendadas ós órganos de goberno unipersoais un profesor delegado, que será nomeado e cesado de acordo co procedemento establecido para os restantes cargos directivos no artigo 21 e seguintes do Decreto 324/1996.

Cando a extensión teña a súa situación xeográfica en localidade distinta ou cando se trate de nova autorización de extensión o profesor delegado será nomeado polo Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O profesor delegado percibirá as retribucións correspondentes ó xefe de estudos de centro de tipo E.

